

a noite de Merlín

, celebrada durante catro edicións entre os anos 1990 e 1993, xorde como unha festa popular ao abrigo dos “*Sábados de Vagar en Mondoñedo*”, xornadas lúdico-culturais organizadas pola **Asociación Cultural “Leiras Pulpeiro”**.

No ano 2011 a súa organización é retomada pola **Asociación “Abrindo Camiño”**, coa colaboración de persoas e asociacións de Mondoñedo e a comarca, para facer unha homenaxe ao ilustre escritor **Álvaro Cunqueiro** no centenario do seu nacemento.

Organiza:



Asociación “Abrindo Camiño” de Mondoñedo.

Coordinación: Luis Fdez. Ansedes.

Guion: Elías Noel Fdez. Ferreira.

Composición musical: Xan Carballal.

Dirección: Xan Carballal e Elías Noel Fdez. Ferreira.

Colaboracións especiais:

Posta en escena e Coreografías: Isidoro Rodríguez Pérez e Mita Adriana Beutel.

Iluminación, Son e Atrezzo: Paco Piñeiro e equipo técnico dos grupos de teatro “O Bordelo” de Cervo, “A Adala” de Fazouro e “O Batán” de Cangas de Foz.

Vestimentación de decorados: Viveiros Cabaleiros (Lourenzá).

Narración: Isidoro Rodríguez Pérez.

Diseño gráfico: Ernesto Glez. Torterolo.

Agradecemento especial:

Familia de Álvaro Cunqueiro.

Editorial Galaxia.

Colaboran:

Escola Municipal de Música “O Pallarego”. Mondoñedo.

Amigos de “Peña do Unto”. Mondoñedo.



Exmo. Concello de Mondoñedo



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



Cultura e Turismo

a noite de Merlín

edición especial

homenaxe a **Álvaro Cunqueiro**
no centenario do seu nacemento

Mondoñedo

sábado 17 decembro 2011

actividade de asistencia libre e gratuita

a entrada ao auditorio para o **segundo acto** será con invitación previa solicitada na oficina de turismo ou no teléfono 982 507177



a noite de Merlin

PREÁMBULO

12:00 h. Salón de actos da Casa da Xuventude.

TÁBOA REDONDA. "A Poesía, o teatro, a fábula... na obra de Álvaro Cunqueiro."

Participan: **Armando Requeixo.** Profesor e crítico literario. / **Francisco Piñeiro.** Profesor, escritor e director de teatro. / **Antonio Reigosa.** Escritor.

Presenta e modera: **Elias Rodríguez Varela.** Xornalista, locutor, publicista e directivo da AEGAMA (Asociación de Empresarios de Galicia en Madrid).

13:00 h. Salón de actos da Casa da Xuventude.

PRESENTACIÓN da Edición Especial de "A Noite de Merlin".

Proxección dun audiovisual recompilatorio das edicións anteriores organizadas nos anos noventa dende a **Asoc. Cultural "Leiras Pulpeiro"**.

Recoñecemento a **Manuel Montero**, "Mago Merlin de Mondoñedo", polo seu labor altruista adicado, durante máis de vinte anos, a manter vivo o recordo da maxia cunqueiriana.

Agradecemento ás persoas e institucións colaboradoras nesta edición especial.

Colabora: **Fran Bouso.** Mestre e antigo directivo da Asoc. Cultural "Leiras Pulpeiro" de Mondoñedo, creadora de "A Noite de Merlin".

PRIMEIRO ACTO

posta en escena polas rúas da cidade e na Prza. do Concello

COMITIVA DOS POBOS DAS TERRAS DE MIRANDA

19:45 h. Rúas da cidade.

As campás da catedral e das igrexas de Mondoñedo chaman ás xentes das Terras de Miranda.

Os diferentes pobos acoden á chamada percorrendo as rúas da cidade. Ao seu paso convocan a tódalas xentes do lugar, para que se unan ao seu camiñar.

Participantes e percorridos ata a Prza. do Concello: **A Santa Compañía (Asociación Xuvenil "Xoldra")** Casa da Xuventude - Rúa da Concepción / **Trasnos e fadas (Nenos da Escola de Música "O Pallarego")** Escola de Música - Rúa Marina Mayoral - Avda. As San Lucas - Rúa Bispo Sarmiento - Rúa Andrés Baamonde / **Druídas e menciñeiros (Amigos de "Pena do Unto")** Casa da Cultura - Rúa Afonso VII / **As mesnadas mindonienses e o bispo de Brea (Asoc. Cultural "O Pasatempo")** Casa da Cultura - Enterrúas - Rúa Pardo de Cela - Prza. da Catedral - Rúa Progreso.

20:00 h. Prza. do Concello.

Recibimento polo gobernador de Miranda.

Trala chegada dos pobos de Miranda, o gobernador explica a causa da súa chamada: "Perdemos a maxia da nosa terra, xa non nos quedan soños, xa non hai luz". Todos acordan ir á procura do mago Merlin, o único que pode atopar unha solución.

20:30 h. Auditorio Municipal "Pascual Veiga".

Chegada á casa de Merlin.

Os membros da comitiva son recibidos por Dona Ginebra. A viúva do Rei Arturo explícales que o mago non os pode atender polo momento, e convidaos a agardar dentro da casa.

SEGUNDO ACTO

teatro musicado baseado na obra de Álvaro Cunqueiro

MERLIN E FAMILIA

20:45 h. Auditorio Municipal "Pascual Veiga".

Felipe de Amancia, xa de vello, deixa memoria dos anos que pasou ao servizo do gran mago Merlin. Sentado no seu escritorio, coa pluma na man, narra as misteriosas maxias, inventos e feitizos que con el presenciou.

Participa: *Escola de Música "O Pallarego".*

Colaboran: *Escolas Municipais de Música de Burela e Xove.*

TERCEIRO ACTO

espectáculo de pirotecnia

A LUZ VOLVE A MIRANDA

21:30 h. Prza. D. Jaime Cabot.

O mago Merlin dá resposta á petición da comitiva. Cos seus prodixios o ceo e as rúas éñchense de luz.

Colabora: *Pirotecnia Reiriz de Tapia de Casariego (Asturias).*

ACTO DE CLAUSURA
queimada popular

A BREBAXE DA FELICIDADE

23:30 h. Prza. da Catedral / Pavillón Polideportivo Municipal (no caso de mal tempo).

Tódalas xentes das Terras de Miranda celebran a volta da maxia e a luz, conxurando ás forzas da Natureza a través do lume, a música e a danza.

Colaboran: *Escola de Música "O Pallarego" e grupos de danza de Mondoñedo, Lugo e A Coruña.*